

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 2 de novembro de 2020 pola que se aproba o modelo de comunicación da realización dunha auditoría enerxética (código de procedemento IN418B).

Mediante o Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, trasponse a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía, correspondendo ás comunidades autónomas ou ás cidades de Ceuta ou Melilla informar anualmente, polo menos, do número de inspeccións realizadas e do resultado deste control o ministerio competente en materia de enerxía.

Mediante a Resolución do 4 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, delegáronse no Instituto Enerxético de Galicia (Inega) todas as competencias atribuídas á dirección xeral competente en materia de enerxía relacionadas co Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro.

O Inega xa contén na súa lei de creación –Lei 3/1999, do 11 de marzo– unha referencia expresa ao fomento destas actividades, concretada mediante o impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, á mellora do aforro e a eficiencia enerxética, ao fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, á óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia. Igualmente, prevé a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

Para facilitar a comunicación da realización dunha auditoría enerxética de acordo co establecido no Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, polo que se traspón a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía, cómpre elaborar o formulario normalizado que deberán utilizar os interesados. O formulario estará accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia.



De acordo co que antecede,

RESOLVO:

1. Obxecto.

Aprobar e dar publicidade ao modelo de comunicación do seguinte procedemento IN418B: Comunicación de realización dunha auditoría enerxética (anexo I).

2. Prazo de presentación.

O procedemento IN418B é un procedemento administrativo de prazo aberto; pódese empregar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución.

3. Forma de presentación da comunicación para o procedemento IN418B.

1. As comunicacións presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega, <https://appsinega.xunta.gal/RD56/web/acceso.php>.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para o acceso á aplicación de presentación das solicitudes será necesario o número do NIF e o contrasinal determinado polas persoas interesadas.

2. Toda a información relativa a comunicación de realización dunha auditoría enerxética estará dispoñible no enderezo: <http://www.inega.gal/eficienciaenerxetica/RD56.html>.

3. Unha vez asinado e presentado calquera destes anexos, xerarase unha copia en formato pdf do anexo correspondente, así como das táboas resumo xeradas por cada instalación auditada. Esta copia servirá como xustificante de que se realizou a correspondente comunicación.



4. Documentación complementaria.

1. As persoas interesadas deberán achegar coa comunicación a seguinte documentación:

a) Título habilitante para ser auditor enerxético.

b) Documento que acredite a persoa asinante como representante legal da empresa.

c) Se a persoa que asina unha destas comunicacións non é o representante legal da empresa, deberá achegar un poder de representación segundo o modelo dispoñible no enderezo: <http://www.inega.gal/eficienciaenerxetica/RD56.html>.

d) No caso de escoller a opción do artigo 3.2.b) do Real decreto 56/2016, deberá achegar certificado dun organismo independente de que aplican un sistema de xestión enerxética ou ambiental.

e) No caso de suxeitos obrigados que teñan máis dun centro de traballo, listaxe de todas as instalacións da empresa ou grupo de empresas (centros de traballo con distinta localización) situadas no territorio nacional, onde apareza o consumo enerxético de cada unha delas e se identifique o perímetro auditado, asinada por un representante legal.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica.



Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Publicación do modelo normalizado.

A publicación do formulario normalizado no *Diario de Oficial de Galicia* (DOG) faise unicamente para efectos informativos. Se algunha das empresas interesadas presenta este formulario presencialmente, será requirida para que o emende a través da presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a corrección.

6. Notificacións.

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e polas entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpren a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

7. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación do procedemento IN418B deberán ser realizados electronicamente accedendo á aplicación do Inega (<https://appsinega.xunta.gal/RD56/web/acceso.php>).

8. Actualización de modelos normalizados.

Co obxectivo de manter este formulario adaptado á normativa vixente, poderá ser actualizado na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalo novamente no DOG, sempre que a modificación ou actualización non supoña unha modificación substancial deste.

Esta resolución producirá efectos o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2020

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

CVE-DOG: nnvoxp79-ij0-ovu2-ugr8-m62gt2z3qz15




XUNTA DE GALICIA
 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
REALIZACIÓN DE AUDITORIA ENERXÉTICA	IN418B	COMUNICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE COMUNICANTE								
RAZÓN SOCIAL							NIF	
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO			LOCALIDADE			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO						

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono mobil facilitados a seguir: TELÉFONO MÓBIL _____ CORREO ELECTRÓNICO _____	

DATOS DA PERSOA QUE REALIZA A COMUNICACIÓN			
(No caso de que non coincida co representante legal da empresa, deberá xuntar un poder de representación segundo o modelo publicado na paxina web do Inega)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS ESPECÍFICOS			
RESPONSABLE ENERXÉTICO DA EMPRESA AUDITADA			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
CARGO NA EMPRESA		CORREO ELECTRÓNICO	

Indique o tipo de empresa que realiza a comunicación, en virtude da Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas

<input type="checkbox"/> Grande empresa (grande empresa autónoma) <input type="checkbox"/> Grupo de sociedades (empresa matriz do grupo de sociedades) <input type="checkbox"/> Empresa non incluída no art. 2 (microempresas e pemes voluntarias)	
Nome grupo sociedades (se a empresa pertence a algún) ⁽¹⁾	Localizacións múltiples ⁽²⁾
	(SI / NON)
Actividade da empresa	CNAE

⁽¹⁾ Se se trata dun grupo, indique o nome e o NIF de todas as empresas incluídas.

⁽²⁾ Se é multi-sitio, debe proporcionar unha lista con todas as instalacións da empresa ou grupo de empresas situadas no territorio nacional, onde apareza o consumo de enerxía de cada unha e identificando o perímetro auditado.

Consumo total empresa/grupo de sociedades en Galicia (kWh/ano)	Consumo total empresa/grupo de sociedades en España (kWh/ano)
----------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------

DATA DA AUDITORÍA	Nº DE INSTALACIÓNS INCLuíDAS NA COMUNICACIÓN (centros de traballo con diferentes localizacións)
-------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------------




XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I
 (continuación)

TÁBOA RESUMO DE RESULTADOS DA AUDITORÍA ENERXÉTICA

INSTALACIÓN NÚMERO:	NÚMERO DE EXPEDIENTE ORIXINAL:
TIPO DE COMUNICACIÓN (Renovación/Corrección/Baixa da instalación):	
TRÁTASE DA COMUNICACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN ENERXÉTICA OU AMBIENTAL CONFORME O ARTIGO 3.2 b) DO RD 56/2016 (Si/Non):	

DATOS DO AUDITOR					
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NIF:		
TITULACIÓN:	TIPO DE AUDITOR (externo ou interno):				
PARA O CASO DE AUDITORES EXTERNOS					
NOME EMPRESA:	NIF:	ENDEREZO:	PROVINCIA:		
CONCELLO:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:		

PARA O CASO DO ARTIGO 8.1.a) DO RD 56/2016		PARA O CASO DO ARTIGO 8.1.b) DO RD 56/2016	
DENOMINACIÓN TÍTULO HABILITANTE ⁽¹⁾		DENOMINACIÓN CURSO AUDITORÍA ENERXÉTICA ⁽¹⁾	
UNIVERSIDADE/ CURSO RECOÑECIDO POLA COMUNIDADE AUTÓNOMA ⁽¹⁾		COMUNIDADE AUTÓNOMA QUE RECOÑECEU O CURSO	

⁽¹⁾No caso de recibir un curso recoñecido por algunha Comunidade Autónoma, indíquese o nome da entidade que o imparte e o da Comunidade Autónoma que o recoñeceu.

DATOS DA INSTALACIÓN AUDITADA					
NOME INSTALACIÓN:	CÓDIGO ASIGNADO:	UTM X (ETRS 89):	UTM Y (ETRS 89):		
ENDEREZO:			PROVINCIA:		
CONCELLO:	CÓDIGO POSTAL:	COMUNIDADE AUTÓNOMA:			

DATOS DO RESULTADO DA AUDITORÍA DA INSTALACIÓN							
DATA AUDITORÍA (dd/mm/aaaa)							
CONSUMO ENERXÉTICO INSTALACIÓN INCLUÍDA NA AUDITORÍA (kWh/ano)							
A.1 CONSUMO ENERXÍA ELÉCTRICA (kWh/ano)							
A.2 CONSUMO ENERXÍA TÉRMICA (Combustibles) (kWh/ano)							
COMBUSTIBLES CONSUMIDOS NO CENTRO DE TRABALLO AUDITADO (márquense os que correspondan)							
<input type="checkbox"/> GAS NATURAL	<input type="checkbox"/> GASÓLEO	<input type="checkbox"/> COQUE	<input type="checkbox"/> CARBÓN	<input type="checkbox"/> FUEL ÓLEO	<input type="checkbox"/> GLP	<input type="checkbox"/> BIOMASA	<input type="checkbox"/> BIOGÁS
OUTROS COMBUSTIBLES (indíquense)							
A.3 CONSUMO ENERXÍA TRANSPORTES (Carburantes) (kWh/ano)							
B.1 AFORRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA (kWh/ano)							
B.2 AFORRO DE ENERXÍA TÉRMICA (Combustibles) (kWh/ano)							
B.3 AFORRO DE ENERXÍA TRANSPORTE (Carburantes) (kWh/ano)							
AFORRO ENERXÉTICO TOTAL ESTIMADO NA AUDITORÍA (kWh/ano)							
CONSUMO AUDITORÍA/CONSUMO ENERXÉTICO TOTAL GRUPO (%)							
EMISIÓN CO ₂ EVITABLES (tCo ₂ e/ano)							
INVESTIMENTO ESTIMADO (euros)							
RETORNO INVESTIMENTO (anos)							
AFORROS ENERXÉTICOS POLAS MELLORAS IMPLEMENTADAS DESPOIS DA ÚLTIMA COMUNICACIÓN ENVIADA DE REALIZACIÓN DUNHA AUDITORÍA ENERXÉTICA (kWh/ano)							
DISPÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN ENERXÉTICA OU AMBIENTAL CONFORME O ARTIGO 3.2 B) DO RD 56/2016 (Si/Non)							
EN CASO AFIRMATIVO, QUE % DO CONSUMO DO CENTRO DE TRABALLO REPRESENTAN AS ACTIVIDADES QUE DISPONEN DUN SISTEMA DE XESTIÓN ENERXÉTICA OU AMBIENTAL?							
LOCALIZACIÓNS MÚLTIPLES OS DATOS SON OBTIDOS POR MÉTODOS DE MOSTRAXE? (Si/Non)							

MELLORAS PROPOSTAS NA AUDITORÍA DA INSTALACIÓN (márquense as que correspondan)			
<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN ILUMINACIÓN	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN TÉRMICA PROCESO		
<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN ELÉCTRICA	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN DE AIRE COMPRIMIDO		
<input type="checkbox"/> MAQUINARIA ESPECÍFICA DO PROCESO OU ACTIVIDADE	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN DE FRÍO INDUSTRIAL		
<input type="checkbox"/> IMPLANTACIÓN ENERXÍAS RENOVABLES	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN		
<input type="checkbox"/> IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS DE COXERACIÓN	<input type="checkbox"/> REGULACIÓN E CONTROL		
<input type="checkbox"/> MELLORA ENVOLVENTE TÉRMICA	<input type="checkbox"/> FORMACIÓN E XESTIÓN ENERXÉTICA		
<input type="checkbox"/> MELLORA TRANSPORTE DE MERCADORÍAS OU PERSOAS	<input type="checkbox"/> OUTROS (INDÍQUENSE):		




XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO I
 (continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

Que a persoa auditora cualificada incluída no formulario realizou unha auditoría enerxética para a empresa antes indicada, en relación co que se indica:

1. Que cumpre con todos os requisitos establecidos no artigo 3 do Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro.
2. Que os datos sobre o resultado da auditoría enerxética son os reflectidos neste formulario.
3. Que se comprobou que a persoa auditora cumpre os requisitos para o exercicio da actividade profesional de auditor/a de enerxía establecidos no artigo 8 do R.D. 56/2016.
4. Que está dispoñible a documentación que acredita o cumprimento dos mencionados requisitos e que se compromete a conservalos e poñelos á disposición da autoridade competente para a súa inspección.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- Título habilitante para ser auditor/a enerxético.
- Documento que acredite a persoa asinante como representante legal da empresa.
- Poder de representación segundo o modelo dispoñible no enderezo: <http://www.inega.gal/eficienciaenerxetica/RD56.html>, se a persoa que asina unha destas comunicacións, non é a persoa representante legal da empresa.
- Certificado dun organismo independente que aplican un sistema de xestión enerxética ou ambiental, no caso de escoller a opción do artigo 3.2.b) do RD 56/2016.
- Listaxe de todas as instalacións da empresa ou grupo de empresas (centros de traballo con distinta localizacións) situadas no territorio nacional, onde apareza o consumo enerxético de cada unha delas e se identifique o perímetro auditado, asinada por unha persoa representante legal, no caso de suxeitos obrigados que teñan máis dun centro de traballo.
- Outros (especificiense):
- Outros (especificiense):
- | | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|--------|------------|-----|
| <input type="checkbox"/> Acreditación da persoa representante legal da empresa fiscalizada. | | | |

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia.
Finalidades do tratamento	Xestión das comunicacións de realización dunha auditoría enerxética. A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Legitimación para o tratamento	Mediante o Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro, trasponse a Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, no referente a auditorías enerxéticas, acreditación de provedores de servizos e auditores enerxéticos e promoción da eficiencia da subministración de enerxía, correspondendo ás comunidades autónomas ou ás cidades de Ceuta ou Melilla informar anualmente, polo menos, do número de inspeccións realizadas e do resultado deste control o ministerio competente en materia de enerxía. Cumprimento dunha misión atribuída ao Inega pola Resolución do 4 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, na que se lle delegan todas as competencias atribuídas a dirección xeral en materia de enerxía relacionadas co Real decreto 56/2016, do 12 de febreiro.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

RESOLUCIÓN do 2 de novembro de 2020 pola que se aproba o modelo de comunicación da realización dunha auditoría enerxética (código de procedemento IN418B).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data
, de de de



Instituto Enerxético de Galicia


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
